

Xestionar a nosa identidade dixital

Fundamentos da imaxe propia na Rede. O perfil na Internet.

Internet permite unha comunicación complexa entre persoas, que vai dende a conversa *un a un* (chat e mensaxería) até a publicación de información para unha audiencia (blogs) ou a conversa múltiple (redes sociais), o que nos obriga a prestarlle atención á imaxe coa que contamos na Rede e á información que compartimos nela.

1. A importancia da identidade na Internet



A Rede permítenos interactuar con outras persoas de forma remota, sen necesidade de estar ao seu carón para transmitirles os nosos pensamentos ou sentimentos. Esa interrelación implica tamén confianza e recoñecemento, polo que nos vemos obrigados a seguir unha serie de pautas para optimizar a nosa aceptación e participación no medio.

Hai que distinguir, aínda que o faremos máis polo miúdo en apartados posteriores, entre distintos elementos vencellados á nosa identidade na Internet e que aglutinan a meirande parte do que será a nosa imaxe persoal na Rede: o nick e o perfil.

O Nick é o nome que nos representa e identifica en distintas ferramentas da Rede, como foros, chats, servizos de mensaxería instantánea, blogs e, incluso, en certas redes sociais como Twitter (normalmente, en foros e blogs, pódese vencellar o **nick** a un **perfil** máis ou menos completo). Ese nome vai servir para que o resto de usuarios saiba de nós, poida recoñecernos e teña como chamarnos, de aí a súa importancia. Para garantir isto, a práctica totalidade de foros e gran parte dos chats non permiten dous **nicks** iguais.

O Perfil é toda a información persoal que publicamos nun sitio de Internet ao que teñen acceso o resto de usuarios (acceso total ou restrinxido, tanto ten). O **Perfil** vencellado a unha conta nun foro, ao administrador dun blog, a unha conta de Twitter ou, xa de xeito máis completo, a Facebook, Tuenti ou MySpace, cóntalle polo miúdo aos demais usuarios quen somos, o que nos gusta, o que nos interesa ou o que non aturamos.



2. E ti de quen ves sendo? O Nick, o noso nome



Antía, Xosé, Breixo, Iria, Xurxo... na vida real cada quen ten o seu nome e recoñecemos a xente coa que tratamos por el. Na Internet, con pequenas diferenzas que logo explicaremos, pasa o mesmo. Ao noso nome na Rede chámasele **Nick**.

Na vida real, cando dúas persoas se chaman igual, servímonos doutras técnicas para poder distinguilas. A máis obvia, a faciana, se os temos diante. Outras son os apelidos, os alcumes ou algunha característica física característica. Na Internet, ao faltarnos o recoñecemento físico, buscamos alternativas que nos diferencien, polo que limitamos a posibilidade de repetición dun mesmo nome, de xeito que cada un conte co seu e ningunha outra persoa o poida utilizar.



Un **Nick**, ademais, soe ir vencellado a unha imaxe representativa do usuario que o utiliza, para reforzar a identidade dixital, chamada Avatar. Esta imaxe pode ser o máis próxima ao real que queiramos, de xeito que podemos usar dende unha fotografía propia (para entornas de traballo ou Redes Sociais, por exemplo), até unha imaxe calquera que nos guste ou nos represente.

Xa que logo, usamos o **Nick** como representación directa de quen somos, como ferramenta para recoñecer a outros usuarios e que eles saiban de nós e, en resumo, como parte fundamental da nosa identidade na Rede, polo que debemos procurar que dito alcume sexa claro, sinxelo e fácil de lembrar.

Asemade, debemos ter tino ao expresar as nosas opinións dende un **Nick** determinado, xa que calquera que lea o que escribimos vencellará esa liña de pensamento e de expresión ao noso nome e relacionarase (ou non) con nós tendo en conta a impresión que lle causamos cos contidos que publicamos mediante ese alcume.

Compre dicir, para rematar este punto, que se ben a Internet nos permite funcionar con distintos **Nicks** no mesmo sitio (multicontas), a nivel social non está ben visto, xa que se interpreta como unha tentativa de enganar á comunidade, polo que se recomenda evitar dita forma de proceder.



3. O Perfil social: Que é e como se protexe



A información persoal permanente que publicamos na Internet e vai máis alá dun simple nick coñécese como **Perfil**. Nese **Perfil**, en función do servizo web onde nos atopemos, deberemos incorporar máis ou menos datos, indo dende un simple resumo de quen somos, como nos blogs, ata un completo conxunto de contidos ligados a nós, como no caso das Redes Sociais.

O **Perfil** é, polo tanto, unha ferramenta absolutamente imprescindible na Internet de hoxe en día, xa que resume o que somos na Rede e permite aos demais coñecernos.

Sendo así, compre que teñamos precaución e vixiemos o que amosamos e a quen llo amosamos. Ao igual que na vida real non lle contamos todo sobre nós a calquera, na Internet debe suceder o mesmo e debemos ter conta de con quen tratamos e a quen autorizamos o acceso ao noso **Perfil**.

Do mesmo xeito, a precaución esténdese aos demais usuarios cos que interactuamos, xa que nun mundo virtual a información non sempre é real e non todos son o que semellan ser, polo que debemos buscar mecanismos que nos permitan asegurarnos de que tratamos con quen queremos tratar, e non con alguén que se fai pasar por outro (ou polo que non é).

Por outra banda, un **Perfil** recolle unha serie de datos sensibles que deben ser publicados con precaución, xa que por unhas circunstancias ou por outras poderían utilizarse para levar a cabo accións non desexadas (dende o envío de publicidade á suplantación de identidade, por poñer dous extremos).

Ler e coñecer os **termos de uso** de calquera web na que nos registremos é fundamental para garantir a nosa privacidade e saber o que se fai cos nosos datos persoais, polo que se recomenda, sempre, revisalos antes de aceptar o rexistro.

Videos Etiquetados de Ti		Sólo mis amigos		[?]
Amigos		Mis redes y amigos		[?]
Publicaciones en el muro		Sólo mis amigos		[?]
Información académica		Sólo mis amigos		[?]
Información laboral		Sólo mis amigos		[?]



Ademais, segundo a lexislación vixente de protección de datos de carácter persoal (**LOPD**), temos dereito a interpoñer unha solicitude a calquera provedor para informarnos sobre o que de nós almacenan ou ben para que eliminen calquera rexistro sobre a nosa persoa da súas bases de datos.

Finalmente, debemos ter en conta que, cada vez máis, os **servizos web** e as **Redes Sociais** nos brindan ferramentas para administrar a privacidade dos nosos datos e do noso **Perfil**, de xeito que poidamos determinar, persoa a persoa incluso, quen pode acceder a unha información determinada. É a nosa obriga, como usuarios responsables da Internet, aproveitar esas utilidades e protexer a nosa **identidade dixital** nas Redes Sociais e no resto da Rede.

4. Quen é quen na Internet. O anonimato na Rede


Como sinalábamos no punto anterior, a Internet permite un certo grao de anonimato que produce unha falsa sensación de seguridade. Isto é así, ademais, para ambas partes. É dicir, que tanto quen mente pensa que a súa **identidade** real está segura, como quen o le pensa que trata con alguén en concreto, o que realmente non é así.

Dependendo do entorno no que naveguemos, esixírase de nós unha correspondencia máis ou menos achegada á personalidade real. Nun **grupo de traballo**, por exemplo, espérase de nós que sexamos o mesmo que somos no mundo fóra da Internet, mentres que nun **xogo** ou nun entorno de fantasía poderemos achegarnos máis a unha personalidade inventada.



De calquera xeito, na meirande parte dos casos darase unha confluencia entre ambos extremos, producíndose a nosa interacción cos demais usuarios dende un **Rol** no que combinaremos partes **reais** da nosa personalidade con outras **ficticias** (ou non totalmente acordos coa persoa que somos fóra da Internet).

Tendo en conta iso, debemos aceptar tamén que o resto de persoas coas que nos relacionamos **online** han facer o mesmo (en maior ou menor grao), polo que é necesario andar con tino nas nosas relacións sociais pola Rede.



Sexa como for, hai que ter en conta sempre que o **anonimato** absoluto non existe. Na Internet todos os procesos son rexistrados e queda constancia de cada pegada que deixamos nos distintos servizos que utilizamos. A dirección IP (a matrícula do noso ordenador, por entendernos) e outros datos son almacenados, clasificados e postos a disposición de provedores descoñecidos.

Xa que logo, calquera cousa que fagamos na Rede pode ser rastrexada até dar con nós e identificarnos, o que limita considerablemente, a efectos prácticos, o anonimato do que se facía mención, sendo este **máis imaxinario que real**.



5. O Rol na Internet. Niveis de conciencia e control

Tanto na vida real como na Rede, os individuos contan cunha identidade múltiple que se adapta a cada circunstancia e permite diferentes comportamentos segundo cada situación. O papel que cada persoa desempeña nun entorno concreto chámase **Rol** e funciona de xeito similar ao dun actor nunha obra de teatro, na que leva a cabo unha representación sobre un guión.

Na Internet o **Rol** está tamén marcado, de xeito que o noso comportamento e papel cambia segundo o entorno no que esteamos. Asemade, como na vida real, ese **Rol** ven da man dun **Status** dado polo resto de persoas coas que nos relacionamos.

Ao igual que como fóra da Rede desempeñamos distintos papeis (fillo, amigo, traballador, xefe, capitán dunha equipa, etc.), na Internet sucede o mesmo, sendo distintos os comportamentos que levamos a cabo en función de con quen esteamos a tratar (e-mail de traballo, muro de Facebook, messenger coa parella, foro de cociña, etc.).



Sendo conscientes de que o noso comportamento ven condicionado polo entorno, temos a capacidade de marcar de xeito máis efectivo a nosa identidade dixital e controlar os **Roles** que adoitamos para cada caso.

A Rede ten a capacidade de potenciar as múltiples identidades coas que abríamos este punto, xa que focaliza e separa de xeito moi claro as diferentes entornas. A suma de todos os **Roles** que representamos na Internet completa o noso perfil real, é dicir, a nosa personalidade ou identidade.



A toma de conciencia da Internet como un medio máis no que expresar o que somos e sentimos, o que pensamos e desexamos, é o mecanismo de control máis efectivo sobre a nosa identidade virtual e o que queremos que esta sexa.

Coidar da imaxe que trasladamos aos demais, adecuar o noso comportamento ao entorno no que estamos e representar o **Rol** axeitado en cada momento é a clave para desenvolverse na Rede de forma correcta e de, co tempo, acadar un recoñecemento por parte do resto de persoas coas que nos relacionamos pola Internet.

6. Resumo



A semellanza da vida real, Internet obríganos a representar diferentes papeis segundo o entorno e as persoas coas que nos relacionamos. Estes **Roles** determinan, en conxunto, a nosa **Identidade Dixital**.

Dita identidade reflíctese en distintos elementos que brindan os servizos web onde participamos, permitíndonos ofrecer información sobre nós ao resto de usuarios cos que interactuamos. Cando o servizo web nos permite incorporar datos sobre nós que vaian máis alá dun nome ou **Nick** e un **Avatar**, falamos de que contamos cun **Perfil** na Internet.

Sen embargo, os datos que introducimos nos nosos **Perfiles** teñen que ser protexidos das miradas alleas non desexadas, polo que sempre en conta a **privacidade**, sobre todo nas Redes Sociais.



Unha iniciativa
as.pg ASOCIACIÓN SOCIOPEDAGÓGICA GALEGA

Coa colaboración de
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Creado por
sdweb





Por que debemos vixiar a privacidade do noso perfil na Internet?

- A. Porque non podemos saber quen accede á información e para que pode utilizala. **Esta é a correcta**
- B. Porque os amigos do Facebook poden deixar de falar-me se ven as fotos da comuñón nas que me etiquetou miña nai.
- C. Porque a ninguén lle importa se fun a un colexio público ou privado, así que hai información que debemos ocultar.
- D. Internet é aberta e libre, polo que non se debería poñer ningún contido como privado ou de acceso limitado.

Existe o anonimato na Rede?

- A. Non. A Internet é un gran patio de veciños onde todos rematamos coñecendo a todos se nos movemos sempre nos mesmos sitios.
- B. Si. Se non digo quen son e mudo o estilo de escritura, ninguén pode saber que son eu facéndome pasar por outro.
- C. Si. Usando a modalidade de navegación oculta do Chrome ninguén sabe o que fas na Rede.
- D. Non. Calquera cousa que se fai en Internet deixa un rastro que se pode seguir até identificar a calquera. **Esta é a correcta**

Que ven sendo o Rol vinculado á identidade en Internet?

- A. Son unha modalidade de xogos nos que temos unha personaxe que se enfrenta a dragóns en mundos de fantasía.
- B. O rol é unha modalidade de pizza que se pode mercar pola Internet para que cha leven á casa.
- C. O rol é o papel que representamos en cada entorno, en función das persoas coas que tratamos. **Esta é a correcta**
- D. O rol é o usuario que se dedica a insultar aos membros dos foros.



Que é un avatar?

- A. Un avatar é unha personaxe dunha película. Un longueirón azul de 3 metros de alto.
- B. Un avatar é unha reencarnación dun deus da India, polo xeral de Vishnú.
- C. Avatar é a personaxe principal da saga de videoxogos de rol chamada *Ultima*.
- D. Un avatar é a imaxe que adoitamos vinculada ao noso nick na Internet. **Esta é a correcta**

PALABRAS CLAVE

Twitter.

Rede Social na que os usuarios contan con 140 caracteres para expresarse e conversar entre si. Cada unha das publicacións dos usuarios coñécese como un *tweet* (chío).

Status.

Ligado ao Rol, o status é a posición que o resto da xente nos outorga dentro dun grupo, en función do Rol que desenvolvamos, do recoñecemento social no mesmo, do liderado, etc.

Dirección IP.

Unha dirección IP é unha serie de números que identifican un ordenador dentro dunha rede que utiliza o Protocolo Internet (IP, nas súas siglas inglesas). A través da dirección IP pódese identificar e localizar calquera ordenador que se conecte a unha rede en concreto.

Termos de Uso.

Os termos de uso son as condicións legais sobre as que funciona calquera servizo web. É dicir, o contrato que asinamos co dono da páxina para facer uso dela. Serve para coñecer que se fai cos nosos datos, quen está detrás dunha web, que privacidade ten, etc.



SABÍAS QUE...



...o termo Avatar ten a súa orixe na relixión hinduísta?

O hinduísmo é una corrente relixiosa da India que conta, entre outros moitos aspectos, cunha crenza nun universo cíclico e, porén, na reencarnación. Neste ciclo de reencarnacións previas á existencia eterna os mesmos deuses fan aparicións na Terra. Cada unha destas aparicións, sobre todo do deus Vishnú, coñécese como un avatar.

A Internet recolleu o termo e axustouno para usalo para á imaxe que cada quen elixe para que o represente, seguindo unha certa similitude coa súa definición orixinal, xa que cada avatar que usamos é unha reencarnación de nós mesmos nun tempo en un espazo (virtual) concreto.



Unha iniciativa
 ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓGICA
GALEGA

Coa colaboración de
 DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

Creado por
 sdweb

